


Cto Galego de Campo a Través

A Estrada 12/03/2016



Amarillo: Vuelta Pequeña 500 m.
Azul: Anexo Vuelta Grande 400 m.
Total Vuelta Grande 900 m.
Enlace Vueltas

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS PRAIA DE LIÑARES - A ESTRADA 12-03-2016

ORGANIZAN:

Servizo de deportes de Pontevedra. Xunta de Galicia

COLABORAN:

Delegación Pontevedresa da Federación Galega de Atletismo

Agrupación deportiva Pontevedra Deporte Base

Concello de A Estrada

Coca-Cola

Cruz Vermella

Larsa

Brilat

PARTICIPANTES:

Equipos e atletas clasificados nos Campionatos Provinciais de: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e que formalicen a súa inscrición para este campionato. Estarán clasificados os dous mellores equipos e os 8 primeiros individuais que non estiveran incluídos nos equipos, e sen correr en ningún caso o posto de invitado a partir do 8º clasificado.

É imprescindible ter feita a mutualización obrigatoria dos/as atletas na web www.deporteescolargalego.com

CATEGORÍAS:

Alevín masculino e feminino (2006-2005)

Infantil masculino e feminino (2004-2003)

Cadete masculino e feminino (2002-2001)

Non se poderán completar equipos con atletas de categorías inferiores.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS:

Nas categorías alevín e infantil cada equipo estará formado por un máximo de 6 corredoras/es e un mínimo de 4, dos que puntuarán as/os 4 mellor clasificadas/os; na categoría cadete máximo 6 corredores/as e mínimo de 3, dos que puntuarán as/os 3 mellor clasificadas/os.

Tódolos participantes deben portar a camiseta do seu clube ou centro.

En calquera momento, o xuíz árbitro da competición poderá solicitar a identificación dos participantes. Polo tanto, os delegados dos distintos clubes ou centros educativos deberán portar os carnets de xogade, ou no seu defecto as listaxes de cada equipo, do que sexan responsables, coa fotografía identificativa ou o DNI.

Calquera aspecto non recollido nestas normas xerais rexerá pola normativa oficial de Xogade e o regulamento federativo.

INSCRICIÓN:

As inscricións deben facerse no sistema online da Real Federación Española de Atletismo, con prazo máximo ata as 20:00 horas do martes 8 de marzo de 2016.

Os clubs, asociacións ou centros educativos que non posúan usuario e contrasinal, deberán darse de alta no sistema de inscrición online da RFEA.

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓN NA INTRANET DA RFEA

- 1.- Usar as claves asignadas para o meu centro, colexio, asociación, club, etc... (ENTIDADES provincia correspondente).
- 2.- Entrar na dirección web www.rfea.es. Picar no banner superior da dereita EXTRANET RFEA.
- 3.- Entrar co usuario e contrasinal que me asignaron. O programa pídeme que cambie o contrasinal e faime volver a entrar co novo contrasinal. Debo apuntar e gardar este contrasinal. Con certa periodicidade o programa pedirá cambiar este contrasinal.
- 4.- Unha vez dentro da aplicación. Pinchar na opción AREA DE COMPETICIONES que está abaixo á esquerda.
- 5.- Desplegase un menu, pinchar na opción INSCRIPCIONES TERRITORIALES.
- 6.- Encher os desplegados, Temporada, Mes e Federación.
- 7.- Nos resultados da búsqueda, elixir a nosa proba e facer clic na imaxe dunha tarxeta na columna inscricións (Insc., penúltima columna).

8.- Seleccionar proba e sexo e facer clic en inscribir atleta escolar.

- No seguinte menú que sae, filtrar pola categoría que queiramos inscribir e darlle a aceptar.

- Sairanos un listado, seleccionar aos atletas que queiramos inscribir (marcamos a todos eles) e aceptar.

- Repetir o proceso para cada Categoría.

9.- Unha vez finalizado o proceso de todas as inscricións, na pestaña Inscricións, facendo clic na lupa, podo xerar un excell con todas as inscricións que acabo de realizar, ordenados por categoría e sexo dos atletas.

Para calquera dúbida chamar a Luís Gómez Fiaño (981 291683); email cofcluis@hotmail.com

CLASIFICACIÓN:

Estableceranse dúas clasificacións:

Individual: según o orde de chegada a meta, por categoría e sexo.

Por equipos: coas entidades ou colexios que completen equipo na liña de meta, sumando os puntos obtidos polos/as tres ou catro corredores/as mellor clasificados/as, segundo a categoría; resultará vencedor o equipo que menor número de puntos obteña. Se se produce empate entre dous ou máis equipos, concederase mellor clasificación a aquel no que o/a derradeiro/a corredor/a puntuado obtivese mellor posto.

PREMIOS:

Entregarase medallas ás/aos 3 primeiras/os atletas da clasificación individual e trofeo e medallas aos 3 primeiros equipos, de cada categoría.

NOTAS:

Os participantes que precisen transporte para acudir a este Campionato, deben poñerse en contacto co Servizo de Deportes Provincial ao que pertencen.

Darase PICNIC aos participantes e responsables, que confirmen a súa asistencia antes do 9 de marzo ás 13 horas.

HORARIO:

10:15 – Retirada de dorsais

11:00 – Desenvolvemento das carreiras, de acordo co seguinte cadro:

13:10 – Entrega de premios das categorías Alevín, Infantil e Cadete (feminino e masculino).

CATEGORIA	HORA	DISTANCIA
CADETE MASCULINO	11:00	4.100m aprox.
CADETE FEMININO	11:25	2.300m aprox.
INFANTIL MASCULINO	11:50	2.300m aprox.
INFANTIL FEMININO	12:10	1.800m aprox.
ALEVIN MASCULINO	12:25	1.800m aprox.
ALEVIN FEMININO	12:40	1.400m aprox.